

EDITORIAL

Na normativa tributaria española (especialmente na imposición persoal) é tradicional o recoñecemento de beneficios fiscais a asociacións e entidades e/ou asociacións sen ánimo de lucro que reúnan determinados requisitos, impostos polo lexislador para evitar situacións de fraude de lei ou de abuso de dereito que se producirían se se utilizara este tipo de sociedades co propósito de elusión ou de evasión fiscal.

As exencións fiscais, que descansan conceptualmente na constatación de que os intereses xerais non se serven unicamente desde o propio Estado senón tamén desde a sociedade, -que crea estruturas organizativas dirixidas precisamente ó cumprimento de finalidades de interese xeral (como, por exemplo, as de carácter cultural) -, estaban ata data recente recollidas de forma dispersa na normativa sectorial dos diversos tributos. Pero a Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á participación privada en Actividades de Interese Xeral, coñecida como "ley de fundaciones y mecenazgo", veu sistematizar no seu Título II tanto os incentivos para particulares ou empresas que participen en entidades de interese xeral como o réxime fiscal destas.

O réxime fiscal regulado nesta Lei abrangue tanto as fundacións como as asociacións que sexan declaradas de utilidade pública nos termos que esixe o artigo 4 da Lei de Asociacións de 1964, modificado precisamente pola disposición adicional decimoterceira da Lei de Fundacións que estamos a comentar.

A Asociación de Amigos do Castro de Viladonga reúne os requisitos esixidos con carácter obxectivo para obter esta cualificación, porque estatutariamente os seus fins son a promoción e a difusión cultural do Castro e o seu Museo, a actividade non está restrinxida

ós propios asociados, carece de ánimo de lucro, os cargos directivos se desempeñan gratuitamente e a Asociación está en funcionamento, por sinalar aquí só os requisitos máis relevantes que esixe esta normativa.

O recoñecemento de asociación de entidade pública non ten carácter meramente nominal, senón que, polo contrario, permite gozar de indubidables vantaxes de carácter fiscal, tanto as directamente aplicables polas asociacións como as indirectas derivadas dos incentivos a particulares e empresas que realicen aportacións a este tipo de entidades. Para a asociación, os beneficios fiscais abranguen desde a exención do Imposto sobre Sociedades para as rendas, ingresos e incrementos patrimoniais usuais deste tipo de entidades (mesmo os rendementos de carácter empresarial obtidos no exercicio das actividades que constitúen a súa finalidade específica), ata a exención do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais na adquisición de bens inmobles ou a do Imposto sobre Actividades Económicas pola realización de actividades que constitúan o seu obxecto social. No que atinxe ás aportacións efectuadas a estas entidades, as persoas físicas terán dereito a reducir da cota do IRPF o 20% das cantidades doadas, concepto no que se inclúen as satisfeitas en concepto de cota de afiliación; para as persoas xurídicas estas aportacións teñen carácter de gasto deducible no Imposto sobre Sociedades, o que sen dúbida constitúe un poderoso incentivo para reforzar-lo ánimo altruísta dos seus directivos.

A conclusión que cómpre extraer é a conveniencia de realizármolos trámites administrativos que conduzan ó recoñecemento para a Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga como entidade ou asociación de utilidade pública.